

Descubrimos,construímos e compartimos VIDA neste curso 2016-2017.

Xxx. >##

Xxx
xxx
xxx
xxx
xxx
xxx
xxx
xxx
xxx
xxxx. >##

DESCUBRIR, CONSTRUIR
Y AGRADECER LA VIDA
CON DON BOSCO

ENTREVISTA A NOSA
ALCALDESA : LARA
MÉNDEZ

DESCUBRIMOS A VIDA NO
OUTONO

ENTREVISTA A UN POLICIA
NACIONAL: MANUEL JOSÉ
MELLA

ENTREVISTA A UN
XOGADOR DO RAI
VALLECANO: ROBERTO
TRASHORRAS....



GRUPO 6ºA

XORNADA NO PIT DE LUGO

A exposición Raíces está no noso colexio.

Estamos xa a preparar as Festas de María Auxiliadora con diferentes actos.



JULIÁN GUEDE FREIRE (UN MESTRE GALEGO EN MADISON-WISCONSIN EEUU)

«A AVENTURA DUN MESTRE GALEGO EN MADISON»

Julián contanos a súa aventura en EEUU.

REDACCIÓN / LUGO

Julián Guede Freire naceu na cidade das Burgas, amante da lectura, do cine, da musica, das viaxes e das series....

O curso pasado estaba connosco no colexio pero decidiu vivir unha aventura americana e aló se foi a Madison (Wisconsin).

-Ola Julián, como estás ?
Moi ben, grazas.

-Cal foi o motivo de que te foras a Madison ?

Vir coma mestre a Estados Unidos é algo que sempre quixen facer dende que estudaba na Universidade.

O vir a Madison non foi totalmente elección miña, eu quería vir a Wisconsin porque é un estado tranquilo, do norte, con paisaxes moi bonitas e porque é o estado do meu equipo de fútbol americano. Logo xa foi Madison quen me seleccionou a min. Co cal estou moi contento porque é unha cidade moi fermosa, tranquila, con centos de quilómetros de carrís bici e moi preto de Chicago e Milwaukee.

-No colexio no que estás este ano, que materias das?

Bueno, isto é un pouquiño complicado pero simplificando bastante o que dou é matemáticas e lingua (lectura e escritura). Digo que é complicado porque temos varios bloques ao día de lingua e varios bloques de matemáticas. Pero iso sí, todo en inglés, salvo 4 rapazas que comigo falan habitualmente en español

En que cursos?
Segundo.

-Como se chama o teu colexio?



Pie de foto. FIRMA

E como é?

Meu colexio é Frank Allis Elementary School. Temos 650 alumnos e 70 mestres dende 4k (os rapaces de 4 anos) ata quinto (que aínda que sexan de quinto, a maioría son da vosa idade porque aquí os cursos organízanse un pouco diferente)

-Que fas no teu tempo libre?

Pois a verdade é que non paro. Tódolos días despois do cole vou correr. Estou preparando unha media maratón e entón corro 1 hora e media cada dous días. Os días que me toca descansar vou a piscina e agora que xa temos unha temperatura decente collo a bicicleta e fago algunha ruta pola cidade e arredores.

Ademais de deporte tamén teño o meu grupo de amigos (mestres case todos) e quedamos nas fins de semana para ver os partidos dos equipos de Madison, barbacoas, visitas a outras cidades, concertos, teatro, rutas en bici....Dende que cheguei en

agosto creo que debín de pasar 2 ou 3 fines de semana na casa sen facer nada e foi porque estabamos bloqueados pola neve a -30 grados.

-Practicar algún deporte?

Como dicía corro case tódolos días, ciclismo e natación. En xaneiro e febreiro baixaba ao lago que teño debaixo da miña

**NO MEU TEMPO
LIBRE NON PARO
NA FIN DE
SEMANA QUEDO
CUN GRUPO DE
AMIGOS**

casa a patinar sobre xeo e incluso xoguei un partido de hockey sobre xeo sobre un dos lagos cus amigos.

-Que che parece o mandato de Donald Trump?

Dende España é moi complicado de comprender, pero a vitoria de Trump é lóxica e normal para os

estadounidenses. Non hai tanta diferenza co que pasa en España, saen cada vez máis casos de corrupción e roubos dos políticos e cando hai eleccións ao final sempre gañan os mesmos. De momento está intentando cumprir as promesas que fixo, claro que a maioría non as pode aplicar porque non son legais ou o Congreso e o Senado non as aproban porque non son boas. Polo tanto, se segue nesta liña estará os 4 anos da lexislatura e non poderá renovar porque será un fracaso. Pero tempo ao tempo

-Que comidas típicas tedes aí? Non hai ningunha comida típica. Estados Unidos é un país que se formou e creceu grazas á inmigración polo que teñen moitos pratos que son influencia dun montón de países.

No caso de que tiveramos que adxudicar un prato máis típico sería a hamburguesa, pero non a hamburguesa que poderíamos comernos en

REDACCIÓN / LUGO

en Lugo. As hamburguesas aquí son monstruosas, enormes e con carne de moi boa calidade.

Ademais cada zona ten os seus produtos máis comúns. Wisconsin é o estado dos queixos e temos unha amplísima variedade

-Que diferenzas hai entre EE UU e España?

Diferenzas moitísimas. O deseño das cidades e ao longo, non ao alto. Isto significa que, salvo no centro das cidades, non hai edificios de máis de 4 plantas. A xente vive en casas unifamiliares ao estilo chale. Isto implica que as cidades son enormes. Madison é a súa área metropolitana ten 300,000 habitantes (como Coruña ou Vigo) pero se queres ir dunha punta a outra tardas preto dunha hora por autovía. É imprescindible ter coche para moverse a calquera sitio polo tema das amplas distancias e porque o transporte público e case inexistente

Por outro banda, este país e tal e como o vemos nas películas. Absolutamente todo.

-Atopaches algún famoso?

Pois sí. Nas vacacións de Semana Santa fun a San Francisco e vin a Gwyneth Paltrow (a actriz que fai da moza de Ironman) nunha tenda de roupa

-Que sitios visitaches en EEUU xa? Cal che gustou máis?

Pois xa fixen moitas viaxes: Chicago, Milwaukee, Minneapolis, Saint Paul, varias cidades de Iowa pouco coñecidas, O Gran Cañón, Yosemite, Las Vegas, San Francisco, Sacramento e Los Angeles. Ademais xa visitara New York e Washington en 2009.

NOMBRE CARGO

«SEGUIMOS CA AVENTURA DE JULIÁN EN MADISON»

Julián seguenos a contar a súa experiencia no cole de Frank Allis en Madison.


REDACCIÓN / LUGO

Sen dubida o que máis me gustou foi San Francisco e o Gran Cañón. San Francisco é unha cidade preciosa, diferente, con moita diversidade con grandes monumentos. O Gran Cañón é espectacular. Ves unha montaña enorme que parece cortada pola metade con miles de tonalidades de cores e formas impresionantes pola erosión. Ademais que te asomas ao borde e ves que estás a 1300-2000 metros de altura. Camiñamos por unha pasarela de cristal na que o chan estaba a 1500 metros de altura.

-Como e alí a xente? Que diferenza atopas ca xente española?

A xente e quizais o que mais me sorprende de todo. Coñezo toda España e case toda Europa e nunca me atopara con xente tan amable e educada. Nunca recibirás unha mala contestación de ninguén. O primeiro que che din cando entras no super, nun bar, nun comercio...e: “bos días/tardes, cómo está sendo o seu día?” e ao marchar “que teña un bo resto de día”. Pola rúa a xente te saúda aínda que non te coñeza, as palabras “por favor”, “disculpe”, “perdón”...se repiten centos de veces ao día. Non atopas un so papel no chan, ningún excremento de can.

Parece unha tontería pero en Nadal estiven 8 días en España pasando as festas coa familia e percibín moita falta de respecto e educación en todas partes. Fixen varias probas nun supermercado, bares e tendas. En tódolos sitios dixeran: Bos días/tardes, como lle foi o día? As contestacións foron: “A ti que te importa”, “Que?”. “Eh?”, cara de enfado...



Pie de foto. FIRMA

-Tes morriña?

De momento non porque gústame moito todo isto e, como xa dixeran, e algo que sempre quixen facer. Chamo tódolos días a familia e facemos skype os sábados e domingos. So boto moito de menos a miña cadela.

-Nos restaurante e tendas hai bo servizo?

Como xa comentei, o servizo é espectacular, sempre tes un sorriso dos que atenden, preguntan continuamente se todo vai ben ou se necesitas axuda...

-Cal é a música típica?

O country, pero non ese que sae nas pelis antigas. O country evolucionou moito e é un estilo moderno e moi bo

Un libro...Road Trip USA: Cross-Country Adventures on America's Two-Lane Highways. Un libro-guia que estou empregando moito porque estou facendo moitas

viaxes en coche polo rural

Unha canción...

”Make you mine” de High Valley. É unha canción que soaba na radio moitísimo en setembro cando cheguei. Era raro o día que saía a correr e non soaba Make you mine. E unha canción moi potente, de ese country moderno que cada vez me gusta mais,

**UNHA COR :
VERDE
POLA GRAN
CANTIDADE DE
VEXETACIÓN
QUE AQUÍ AHI-**

Un lugar...

Teño varios. En Madison encántame o xardín de detrás da miña casa porque está no lago e encántame ir a última hora da tarde co ebook. Logo quedome con dous sitios que me conquistaron o Guano Point no Gran Cañón e unha montaña tranquila de San Francisco no que hai unha vista

brutal da cidade e do Golden Gate

Un monumento...

Sen dubida o Wisconsin State Capitol (o capitolio estatal) que está en Madison. Foi o primeiro que vin de lonxe cando cheguei en agosto e é a referencia estas onde estas porque se ve dende todas partes. Hai unha lei que prohibe construír edificios mais altos que o Capitolio porque o Capitolio é o símbolo mais importante da democracia Unha serie...Designated Survivor.

Un musical..

.O Pantomima da Opera e Riverdance. Son dous musicais que me gustan moito e tiveron sorte de poder velos nos últimos meses.

Un xogo...

kin ball. É un xogo/deporte canadense que descubrín hai un par de semanas e que na asemblea escolar do 5 de maio imos xogar os mestres contra os alumnos. É moi divertido e cuns valores moi positivos.

ChicagoUn animal...o esquí.

redacción / lugo

randes, marróns, brancos, grises, negros.

Un transporte...A bici. E o meu transporte preferido nesta cidade.

Un color...

Verde. Pola cantidade de vexetación que temos ao noso redor

Un escritor...

Carlos Ruiz Zafón. Porque estou relendo a serie de “El cementerio de los libros olvidados”

Un actor/actriz.

.Gwyneth Paltrow. Porque a vin en San Francisco nunha tenda.

Grazas Julián por facernos esta entrevista.

A clase de 6º A de Salesianos Lugo.

LARA MÉNDEZ (ALCALDESA DE LUGO) «A clase de 6ºA de Salesianos entrevistamos a nosa alcaldesa»

A nosa alcaldesa resposta amablemente as nosas preguntas

redacción

Lara Méndez López (Suíza, 1972) Enxeñeira Técnico Agrícola de profesión. Levou a cabo labores de docencia, impartindo cursos de formación no campo agrícola dirixidos a traballadores e emprendedores en diferentes puntos de Galicia, ademais de prestar asesoramento técnico en prácticas medioambientais.

A súa traxectoria política arrancou no ano 2000 como Secretaria Xeral das Xuventudes Socialistas de Cervo. De 2007 a 2015 foi a Vicepresidenta Segunda da Deputación Provincial de Lugo. Dende xuño de 2015 é a Alcaldesa de Lugo.

- Lara, onde naciches?
Nacín en Männedorf, en Suíza. Polo tanto, son filla de emigrantes, como nos tocou a moitos da miña xeración.
- A que colexio ías cando eras pequena?
A verdade é que fun a moitos. Empecei indo xa á gardería en Suíza. Despois fun ao colexio Rivera Casás de San Cibrao e

logo ao Sagrado Corazón de Ribadeo. Comecei o Bacharelato en Ribadeo e remateino en Lugo. Aquí cursei tamén os estudos universitarios.

- Sacabas boas notas?
Dependía da materia, da capacidade de enganche do profesor ou profesora, e do ano.
- Tes irmáns?
Si, teño un irmán e unha irmá.

- Que motivo te levou a meterte na política?
O afán por colaborar para



LARA NA PONTE ROMANA. CLASE DE 6ºA

cambiar a sociedade, para que sexa máis xusta e igualitaria.
- Con que persoa te levas mellor no traballo?
É certo que ás veces empatizas máis con uns que con outros por afinidade, pero intento levarme ben con todo o mundo porque ter un bo ambiente de traballo é fundamental para que as cousas vaian ben e

**NON
ME IRÍA NUNCA
A
UNHA
ILLA DESERTA**

fructifiquen os proxectos, sobre todo cando pasamos tantas horas xuntos. Así o entendemos ademais todo o equipo de traballo.
- Cantas horas traballas?
Nunca menos de doce, pero depende do día.
- Que fas no teu tempo libre?
Intento gozar o maior tempo posible da miña familia e

amigos, e facer cousas que me gustan con eles.

- Cal é a zona de Lugo que máis cambiou dende que estás ti?

Os proxectos de transformación son a medio-longo prazo, polo que nos dous anos que levamos gobernando non deu tempo a visualizar os grandes cambios que imos facer na cidade.

- Cal é a que máis che gusta?
Teño moitas, cada unha por un motivo diferente; polos recordos que me trae, o Campus, polo tempo que paso alí, o parque de Friga porque

é onde vai xogar a miña filla, e por entrañable, a Praza do Cantiño. Pero se teño que elixir un, elixiría a Praza Pío XII, onde conflúen os tres Patrimonios da Humanidade cos que conta a nosa cidade: a Muralla, a Catedral e o Camiño Primitivo.

- De non te dedicar á política que che gustaría ser...

Gústame moito viaxar, coñecer culturas novas

Estar cos amigos é unha das boas costumes que non se poden perder.

redacción / lugo
Sempre me-

Practicas algún deporte?
Non. Gustaríame, pero non teño dispoñibilidade de tempo e, ademais, canto máis tempo pasa, máis custa reiniciar a actividade deportiva. Fíxeno hai anos, cando xoguei ao baloncesto e ao voleibol e practiquei baile rexional, aínda que hai quen non o considera un deporte...

- Gústache viaxar?
Si, moito. Coñecer culturas novas, distintas... percorrer rúas sen rumbo...

- Co teu traballo quédache tempo para quedar cos amigos?

É unha das boas costumes que non se deben perder.

- O teu libro favorito...
Son moitos. Non son dun libro único porque depende do momento no que o lea, pero se teño que elixir un, quédome con La Sonrisa Etrusca, de José Luis Sampedro.

- Que tres cousas levarías a unha illa deserta?
Non me iría a unha illa deserta.

- Unha canción...
Unha das moitas que me gustan de Joaquín Sabina ou de calquera cantautor.

- A túa comida preferida...
Un bo cocido.

- Un lugar de relax...
A miña casa. Quizais porque non paso moito tempo nela, e cando estou reláxame.

- Unha bebida...
Coca cola- Unha cor...



Vermella

- Unha película...
Pásame igual que cos libros. Teño moitas que me gustan, entre elas Billy Elliot (Quiero Bailar) e Lo que el Viento se

llevo.

Lara, dende a clase de 6ºA do Colexio Salesianos-Divina Pastora queremos darche as grazas por respostarnos a esta

entrevista tan amablemente

A verdade é que nos fixo moita ilusión poder facerche esta entrevista.

Dende aquí damosche moito ánimo para afrontar o teu cargo con paciencia e responsabilidade.

MOITAS GRAZAS DENDE 6ºA DE

SALESIANOS.



FOTO OUTONO 6ºA.

DESCUBRE A VIDA NO OUTONO

A ETAPA DE PRIMARIA TRABALLOU NUN PROXECTO CONXUNTO SOBRE O OUTONO


REDACCIÓN / LUGO

A etapa de Educación Primaria dende o 24 de outubro ata o 10 de novembro estamos inmersos nun proxecto chamado Descubre a vida no outono. Facendo alusión tamén ao lema do trimestre.

Por grupos fomos buscando información sobre diferentes aspectos coma:

- 1º ep -Fotos de lugares onde se celebra o Magosto.
- 2º ep- Refróns
- 3º ep-Receitas
- 4º ep-Adiviñas
- 5º ep-Poemas
- 6º ep-Biografía e fotos de San Martiño.

Todo isto o plasmamos en seis enormes follas que colocamos



O MILAGRE DAS CASTAÑAS 6ºA

no corredor e despois na exposición do outono que puxemos no salón de actos do cole, onde tamén colocamos unha castañeira vestida cun

traxe rexional, manualidades e un sinfín de cousas que daban ao salón un carácter moi outonal.

A clausura deste proxecto tivemosla o pasado 10 de novembro pola tarde onde baixamos todos os nenos e nenas de primaria xunto cos

nosos mestres e mestras ao patio, onde nun primeiro momento Alfredo un salesiano do noso cole contounos a historia tan fermosa do Milagre

das castañas de Don Bosco, logo cantamos todos xuntos a canción “Chegou o magosto” que previamente ensaiáramos nas clases e por último tocou o momento degustación, por cursos fixemos un corro e alí sentados os nosos profes e algún pai ou nai que eran membros do Anpa repartíronnos unhas riquísimas castañas, e.... colorín colorado este proxecto rematou.

A verdade que nos gustou moito este proxecto.
VIVA O OUTONO



Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA

Celebración de Reconciliación

redacción / lugo

No noso colexio os alumnos de 4º-6º de Ep celebramos a Reconciliación .




Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA

Primeiro facemos un momento de silencio onde facemos o exame de conciencia ,e anotamos no lado oscuro unha falta que teñamos despois de ir xunto ao sacerdote, na vela e no lado claro escribimos un propósito, A clase de 6º A



Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA





Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA

REDACCIÓN / LUGO

Durante este curso 16-17 tuvimos la suerte de contar con un conversador en el cole.

Unha vez cada quince días Kath venía a nuestra clase y de una manera muy lúdica repasabamos de forma oral y con juegos vocabulario, Lo pasabamos genial, a veces también jugabamos al ahorcado, tuti fruti y a un montón de juegos muy divertidos.

La clase de 6ºA



Pie de foto.FIRMA



Pie de foto.FIRMA

MANUEL JOSÉ MELLA MORANDEIRA POLICIA NACIONAL

«Son moitas as satisfaccións que este traballo me da»

ENTREVISTA A MANUEL JOSÉ MELLA MORANDEIRA

redacción / lugo

Ola, chámome Manuel José MELLA MORANDEIRA, aunque todo el mundo me llama “MELLA. Nacín en Lugo, o 05-01-1978, e son Policía dende fai 16 anos e antes era xogador de fútbol sala en o CAFÉ CANDELAS PRONE LUGO e trabajalla en URBASER

PREGUNTA

Ola cómo estás?

RESPUESTA

Ben moi ilusionado con esta entrevista.



PREGUNTA.

A que colexio ías cando eras pequeno?

RESPUESTA.

Ao Colexio Público de Albeiros.

PREGUNTA.

Cal era a túa asignatura favorita?

RESPUESTA

Educación Física.

Traballei en varias, (en Seguridad Ciudadana, en Xudicial ou en Policía Científica), actualmente estou en seguridad ciudadana.

Que perigos ten o teu traballo? Ten moitos xa que traballas con persoas as cales moitas veces non valoran a súa propia vida e poñen en perigo a dos demais axustándose sempre a

normativa e decidindo en segundos o que tes que facer ou podes facer en cada situación.

Que te levou a ser policía?

Un día, un compañeiro de fútbol, nun entrenamiento no pabillón de Deportes de esta cidade, empezoume a falar de todo o que podía facer e a todos os que podería axudar nesta profesión, e a idea gustoume e cada día me gusta máis

Cal foi o momento máis

satisfactorio do teu traballo?

Existen varios, non podo destacar un en concreto xa que son moitas as satisfaccións que este traballo me da. Porque non podemos olvidar que é un traballo no que axudamos á cidadanía para que todos podamos convivir con seguridade.

SOMOS POLICÍAS AS 24 HORAS DO DÍA

E o menos?

No meu traballo estamos intimamente relacionados cos problemas e cando coñeces as persoas isto se complica moito máis.

Cantas horas traballas ao día?

8 horas reglamentarias aínda que son moitas mais xa que somos Policías as 24 horas do día.

Que che gusta facer no teu tempo libre?

Pasar tempo coa miña familia ,actividades deportivas, relacionarme cos meus amigos.

Cal foi o momento máis satisfactorio do teu traballo? Existen varios, non podo destacar un en concreto xa que son moitas as satisfaccións que este traballo me da. Porque non podemos olvidar que é un traballo no que axudamos á cidadanía para que todos podamos convivir con seguridade.

Un libro...EL NOMBRE DE LA ROSA DE UMBERTO ECO

REDACCIÓN / LUGO

Unha boa entrevista a Manuel José Mella Morandera.

Unha canción...MAR ADENTRO DE HEROES DEL SILENCIO.

Un día da semana. O VENRES POLA TARDE (A XENTE TEN MELLOR HUMOR.)

Un deporte...O FUTBOL, PADEL, TENIS.

Unha película...SU EXCELENCIA DE MARIO MORENO

Un actor..MARIO MORENO.

Unha cor...O VERMELLO

Unha comida...O POLBO

Un número..8.

Un equipo...O REAL MADRID

Unha cidade..MURCIA. Un lugar de relax...A PRAIA.

Unhas vacacións...RECORRER VARIAS CIDADES EUROPEAS NUNHA MESMA VIAJE.

A unha illa deserta levaría...BOA COMPAÑÍA

Os nenos e nenas de 6ºA do colexio Salesianos danche as grazas por contestarnos a esta entrevista

tan amablemente.

Moitas grazas por todo.

E o que menos? O pouco que nos respetan certos colectivos. En que sección estás da Policía?

ROBERTO TRASHORRAS GAYOSO

«Mi equipo está muy relacionado con los valores del barrio»

Roberto, jugador lucense, que llegó muy lejos.

redacción / Lugo

Roberto Trashorras Gayoso nacido en Rábade el 28 de febrero de 1981, después marcha a vivir a Villalba(Lugo)

Desde muy pequeño muestra interés por el fútbol. Después de pasar por varios equipos ahora está en el Rayo Vallecano en Madrid, donde es el capitán.

PREGUNTA

Hola Roberto, ¿qué tal estás?

RESPUESTA

Muy bien, gracias.

PREGUNTA

¿Qué te llevo a ser futbolista?

RESPUESTA

-Pues es algo que descubrí desde muy pequeño, me encantaba jugar a la pelota como a cualquier niño de mi edad, pero tenía algo que a lo mejor otros niños no tenían que era pasión por jugar al fútbol, sólo deseaba jugar y jugar y sabía que era lo que quería hacer y sorprendentemente lo supe desde muy pequeño.

PREGUNTA

¿En qué equipos jugaste?

RESPUESTA

El primer equipo fue el Racing villalbés, luego el Fc Barcelona, Real Madrid, Numancia de Soria, Las Palmas, Celta de Vigo y el Rayo Vallecano. Jugué también en la selección de Lugo, en la gallega y en la española.

PREGUNTA

¿Cuántos años llevas en el mundo del fútbol?

RESPUESTA



Foto 6ªA

Pues llevo jugando desde los 8 años cuando fiché por el Racing villalbés

PREGUNTA

¿Y en el Rayo Vallecano?

RESPUESTA

6 años en el Rayo Vallecano.

PREGUNTA

¿Cuál fue tu peor lesión?

**OTRO DE LOS
ÉXITOS DEL
EQUIPO ES LA
BUENA
RELACIÓN CON
LOS
COMPAÑEROS**

RESPUESTA

He tenido la suerte de no tener muchas lesiones importantes, pero quizás la peor fue una de tobillo que tuve que estar 3 meses sin jugar.

¿Qué opinas de tu equipo?

Estoy en un equipo especial, diferente a los demás ya que está muy relacionado con los valores del barrio, la humildad

, la solidaridad y el esfuerzo, creo que estoy en un club muy querido en general por todo el mundo.

¿A qué jugador admiras desde que eres niño?

Jugadores como Cruyff, Guardiola.

¿Disfrutas del fútbol?

Muchísimo, desde el primer día hasta hoy, el día que no sea así lo dejaré.

¿Qué tal es la relación con tus compañeros?

Muy buena, es otro de los éxitos de este equipo.

¿A qué dedicas tu tiempo libre?

Soy una persona muy familiar e intento estar el mayor rato que puedo con ellas ya que hay mucho tiempo que no puedo, a parte estoy sacándome cursos de formación relacionados con el fútbol.

¿Tienes alguna mascota?

Sí, un perro

¿Qué días entrenas?

Suelo entrenar todos los días, algunos por la mañana y por la tarde.

¿Cuánto tiempo?

"Tenía pasión por jugar al fútbol, jugar y jugar"

Disfruto mucho del fútbol, el día que no sea así lo dejaré.

REDACCIÓN / LUGO

La duración depende del día pero alrededor de 2-3 horas.

¿Cuántos goles llevas en la temporada?

Llevo solo 1, no soy un jugador que meta muchos goles la verdad.

¿Qué dorsal eres?

El 10

¿Siempre te gustó el fútbol?

Siempre, desde que jugaba en el colegio o en la plaza de mi pueblo, Villalba.

¿En qué posición juegas?

Mediocentro

¿Con qué pie metes los goles?

Pues con los dos, aunque soy diestro, y el que llevo esta temporada lo metí de cabeza.

¿Qué te gustaría ser de no ser futbolista?

Me hubiese gustado ser médico, mas concretamente cirujano.

¿Cuál es la dieta que sigues?

Llevamos una dieta muy estricta, nada de grasas ni fritos, a base de pasta, verduras, pescado, fruta....

Un libro....El código da Vinci

Una mascota...Perro

Una película...La vida es bella

Vive la vida Could Play

Un equipo de fútbol...Rayo vallecano

Una comida...Caldo gallego

Una comedia...Ocho apellidos vascos

Un juego de play station...Fifa

Unos tenis...Nike

Un trofeo..Mundial de fútbol

Un día señalado...02/06/2008

19/07/2011.Nacimientos de mis hijas Miranda y Valeria

Una prenda...Vaquero

Un instrumento...Guitarra

Un familiar...Mi mujer

Graciela

Un objeto...Reloj



Roberto.6ªA

Una ciudad....Barcelona

Un lugar...Villalba

¿Qué tres cosas llevarías a una isla desierta?

Mis tres mujeres y mi perro

Roberto, desde la clase de 6ªA del Colegio Salesianos-Divina Pastora queremos darte las gracias por respondernos a esta entrevista tan amablemente.

MUCHAS GRACIAS



Pie de foto. FIRMA



COIDADO DO MEDIOAMBI ENTE

redacción / lugo

O coidado do medio ambiente é unha cousa importante a seguir .

De nós depende que a natureza non sufra, ás veces non somos moi conscientes e estamos a acabar con el.

Hai moitas cousas que podemos facer para conseguilo;

Non tirar lixo o chan.

Reciclando.

Usando envases retornables.

Un sinfin de pequenas cousas que faría que o medio ambiente estivera mellor.

A clase de 6ºA



AsCatedrais. FIRMA



Pie de foto. FIRMA



XORNADA NO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO

REDACCIÓN / LUGO

O pasado 15 de maio, os alumnos e alumnas de 6º a tivemos a fase práctica do Cursiño de Educación Vial no Parque Infantil de Tráfico de Lugo, que está situado no parque da Milagrosa.

Estivemos alí toda a mañá facendo turnos, de bici, Kart eléctrico e o normal. Que ben o pasamos!!! Era moi divertido subir pola ponte, a verdade é que aprendimos moito e repasamos as normas da fase teórica.

A clase de 6ºA



Pie de foto. FIRMA

Pie de foto. FIRMA



Pie de foto. FIRMA



Pie de foto. FIRMA



XORNADA MISIONEIRA SALESIANA 2017

redacción / lugo

Del 8 al 15 de mayo, contamos en nuestro cole con la exposición Raíces, y tuvimos la suerte de que Mariano nos la explicara también.

La exposición tenía muchas vitrinas y piezas que nos acerca a los cinco continentes y al trabajo que están relaizando Jóvenes y Desarrollo y Misiones Salesianas.

Podemos ver instrumentos musicales, máscaras de tribus y una cabeza reducida.

La clase de 6ºA



Mariano

Pie de foto. FIRMA



Pie de foto. FIRMA

NESTE TRIMESTRE CONSTRUÍMOS VIDA

O último día do trimestre tivemos unha titoría de reflexión do trimestre,

redacción / lugo

O 7 de abril antes das vacacións de Semana Santa, todos os alumnos e alumnas de educación primaria tivemos unha titoría de reflexión do trimestre.

Comezabamos cun momneto de interioridade facendoi uns momentos de visualización,onde escoitabamos un anaco da canción de Pocahontas que estba relacionada ca naossa visualización a continuación pensabamos quw cousas fixemos regular como grupo-clase e o poñíamos

nunha gota de auga e colovcabamos no cartel do corredor .

Despois individualmente e poñíamos nunha pedra que tamén colocabamos no corredor.

Pensabamos que cousas fixemos ben como clase facíamos unha choiva de ideas e despois poñíamos en común elexíamos unha e a escribiamos nun raio de Sol

A continuación faciamos outra actividade A mensaxe directa nun anaco de papel escribiamos unha mensaxe positiva apra un compañeiro/a que nos tocara.

Esta xornada resultounos moi positiva xa que analizamos que cousas faciamos ben e que cousas tiñamos que mellorar para o vindeiro trimestre.

Outra dinámica era pensar en que momentos Deus fala comigo.

O que ía saindo tinñamos que dplasmalo nun debuxo que logo poñeríamos na clase,

Aquí decatamos que hai moitos momentos ao longo do día que Deus se pon en contacto con nós.

Agora o dilema é se nós estamos dispostos a escoitalo.



Mural6ºA

Leche FRESCA
1,5 litros

LEYMA
natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico

GA LEA 100%

Leche DIF